

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 24 de marzo de 2025, adoptou os seguintes acordos:

PUNTO 2.º-COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

4. Administración do Parlamento

4.2. Asuntos económicos e contratación

4.2.b) Contratación administrativa do servizo SOC (Centro de operacións de seguridade) do Parlamento de Galicia (Expte. núm. STI-PA 06/2024) (adxudicación definitiva)

I. O 21 de outubro de 2024, a Mesa do Parlamento de Galicia acordou iniciar o procedemento e aprobar os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas desta contratación administrativa, para o servizo SOC (Centro de Operacións de Seguridade) para o Parlamento de Galicia, mediante procedemento aberto suxeito á regulación harmonizada (Expte. STII-PA 6/2024), tramitación ordinaria e por un valor estimado de 335.000,00 €

II. O procedemento foi publicado na plataforma de contratos públicos de Galicia, xunto cos pregos e o resto da información e documentación legalmente exixida o 6 de novembro de 2024. O prazo para a presentación de ofertas rematou o 19 de decembro de 2024.

III. Rematado o prazo concedido para presentar ofertas consta a presentación das seguintes proposicións a través da plataforma de licitación electrónica:

Licitador	Nº rexistro	Data
S2 GRUPO SOLUCIONES DE SEGURIDAD S.L.	B96863444	19/12/2024

IV. Constituída a Mesa de Contratación deste procedemento administrativo reuniuse, segundo consta nas actas correspondentes, o día 14 de xaneiro de 2025, na que se procedeu á súa constitución e ao estudo da documentación administrativa dos arquivos “A” das proposicións recibidas, e se verificou que toda a documentación estaba correcta. Procédese a apertura dos arquivos B da oferta presentada e admitida, coa documentación técnica relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor, e acorda remitir toda a

Servizo de Persoal e Réxime Interior
Intervención e Asuntos Económicos



documentación ao servizo correspondente, para que emita un informe sobre valoración das devanditas ofertas.

- **21 de xaneiro:** A Mesa de contratación analiza o informe emitido polo Servizo de Tecnoloxías da Información, sobre a documentación do arquivo B, cuxo contido asume a Mesa, no que se realiza a seguinte valoración: “a oferta do licitador cumpre con todos os requisitos técnicos esixidos no PPT, o que informamos para os efectos oportunos”.

Posteriormente se abre o arquivo C da oferta presentada:

Empresa		Oferta (sen IVE) Presuposto base licitación:
S2 GRUPO SOLUCIONES DE SEGURIDAD S.L.	Oferta sen IVE	160.008,00 €
	IVE	33.601,68 €
	Oferta con IVE	193.609,68 €
	Nivel de adhesión Oro na Rede nacional de SOC: si Certificación ENS de nivel alto:si	

Trátase da única oferta presentada, polo que se verifica o seu cumprimento conforme aos criterios de adxudicación establecidos no apartado 8 do prego de cláusulas administrativas, resultando válida a súa proposta económica e de cumprimento cos niveis e certificados requiridos.

V. A Mesa de Contratación acorda clasificar favorablemente a antedita oferta, á empresa S2 GRUPO SOLUCIONES DE SEGURIDAD S.L., e propoñerlle á Mesa do Parlamento que faga o preceptivo requirimento de documentación da cláusula décimo primeira do pregos de cláusulas administrativas e, no seu caso adxudicar o contrato.

VI. A Mesa do Parlamento de Galicia acordou, na súa reunión do 24 febreiro de 2025, requirir a S2 GRUPO SOLUCIONES DE SEGURIDAD S.L., a presentación da documentación requirida na cláusula décimo primeira do pregos de cláusulas administrativas, para posteriormente proceder, de ser o caso, á adxudicación do contrato.

O 27 de febreiro de 2025 o Servizo de Persoal e Réxime Interior realizou o requirimento de documentación a S2 GRUPO SOLUCIONES DE SEGURIDAD S.L.. Consta o acceso do licitador á notificación practicada o 28 de febreiro. O 13 de marzo, dentro do prazo

Servizo de Persoal e Réxime Interior
Intervención e Asuntos Económicos



establecido, a empresa presentou a documentación no Rexistro xeral do Parlamento (rexistro nº 21762).

Segundo se pon de manifesto na análise realizada polo técnico superior de Réxime Interior, con data de 18 de marzo, a documentación achegada cumpre cos requisitos exixidos na cláusula décimo primeira do prego de cláusulas administrativas. Acredita a clasificación en substitución da capacidade de solvencia económica e técnica. Verifícase poder representación empresa. Verifícase certificación de non incorrer en débedas e cumprir coas obrigas tributarias. Verifícase a constitución da garantía definitiva emitida polo Intervención, no que se presenta seguro de caución por importe de 8.000,40 €.

VII. En consecuencia, cumpridos os trámites legais e regulamentarios, visto o informe favorable da Intervención da Cámara, a Mesa adopta o seguinte acordo:

1º.- *Adxudicar o contrato a S2 GRUPO SOLUCIONES DE SEGURIDAD S.L, polos seguintes importes:*

Importe total do contrato polo servizo para os 3 anos de duración do contrato

Importe económico (sen iva)	160.008,00 €
IVE*	33.601,68 €
TOTAL	193.609,68 €

* xunto coa oferta económica achega o certificado RN SOC con un nivel asignado Oro e Certificación ENS de nivel alto.

O contrato ten unha duración de tres anos dende o día seguinte á súa formalización, con posibilidade de prórrogas polos períodos sucesivos que acorde a Mesa do Parlamento ata un máximo de dous anos máis. A forma de pagamento establecida será en cotas mensuais polo servizo realizado.

2º.- *Comunicarlles este acordo aos licitadores, á Intervención e Asuntos Económicos e ao Servizo de Persoal e Réxime Interior.*

3º.- *Publicar a adxudicación e a formalización do contrato no perfil de contratante do Parlamento de Galicia.*

4º.- *A formalización do contrato deberá efectuarse non antes dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se realice a notificación da adxudicación ao adxudicatario e resto dos licitadores.*

5º.- *Contra este acordo de adxudicación, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse, no prazo de dous meses desde o seguinte a esta notificación, recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia conforme ao disposto na lei reguladora da dita xurisdición, sen prexuízo de interpoñer, potestativamente, recurso especial en materia de contratación, de acordo co establecido no artigo 44 da LCSP.*

Servizo de Persoal e Réxime Interior
Intervención e Asuntos Económicos



6º.- De conformidade co disposto no artigo 346 da LCSP, comunicación, si procede, dos datos básicos dos contratos ao Rexistro de Contratos do sector público.

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2025

Xosé Antón
Sarmiento Mendez,
Letrado Oficial
Maior

Firmado digitalmente por Xosé Antón
Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior
Nombre de reconocimiento (DN):
cn=Xosé Antón Sarmiento Mendez,
Letrado Oficial Maior,
email=xsarmiento@parlamentodegalicia.
gal
Fecha: 2025.03.26 14:33:39 +01'00'

Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior

Servizo de Persoal e Réxime Interior
Intervención e Asuntos Económicos



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 26/03/2025 16:23:23
Nº Rexistro: 6227
Data envío: 26/03/2025 16:23:23.068

Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior na data 26/03/2025 14:33:39

CSV: REXPG-m61oCK0gy-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/03/2025 16:23:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 26/03/2025 16:23:23
Nº Rexistro: 6227
Data envío: 26/03/2025 16:23:23.068

CSV: REXPG-m61oCK0gy-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

